

### Ficha 3

- Mediante a **nutrición** obtemos os nutrientes dos alimentos.
  - A respiración serve para obter o **osíxeno** do aire.
  - As substancias de refugo que se xeran durante a nutrición expúlsanse do corpo mediante a **excreción**.
  - Grazas á **circulación**, repártense por todo o corpo o osíxeno e os nutrientes e retíranse as substancias de refugo.
2. Aparello respiratorio: pulmóns, traquea.  
Aparello excretor: riles.  
Aparello dixestivo: estómago, intestino.  
Aparello circulatorio: corazón, vasos sanguíneos.

### Ficha 4

1. bile: figado.  
quilo: intestino delgado.  
zume pancreático: páncreas.  
saliva: glándulas salivais.  
zumes gástricos: estómago.
2. • Na boca os encargados de triturar o alimento son os **dentes**.
  - O alimento triturado mesturado con saliva é o **bolo alimenticio**.
  - O bolo alimenticio descende polo **esófago** ata o **estómago**.
  - As paredes do estómago segregan **zumes gástricos**.
  - Os zumes gástricos mestúranse co bolo alimenticio para dar lugar ao **quimo**.
  - No intestino delgado o quimo mestúrase co zume pancreático e coa bile para dar lugar ao **quilo**.
  - O **quilo** está formado polos nutrientes e os restos de alimentos non dixeridos.

### Ficha 5

1. • A respiración é o proceso que serve para obter o osíxeno do aire.
  - O aparello respiratorio consta das vías respiratorias que conducen o aire desde o exterior ata os pulmóns, que son os órganos en que se produce o intercambio gasoso.
  - Os pulmóns son os órganos encargados de realizar o intercambio gasoso entre o aire e o sangue. Este intercambio lévase a cabo nos alvéolos pulmonares, que son unha especie de saquiños de paredes moi delgadas, rodeados de capilares e situados ao final dos bronquíolos, máis finos.
2. Fosas nasais ou boca (1), farinx (2), larinxe (3), traquea (4), bronquios (5), bronquíolos (6), alvéolos (7), intercambio de gases (8).

## Ficha 6

1. De esquerda a dereita e de arriba abaixo:  
circulación xeral, aurícula dereita, ventrículo dereito,  
circulación pulmonar, aurícula esquerda, ventrículo  
esquerdo.
2. • Circulación **pulmonar**. Consiste no percorrido  
que segue o sangue entre o corazón e os  
pulmóns. Durante a circulación pulmonar  
prodúcese un intercambio de gases. Este  
intercambio prodúcese nos pulmóns, onde  
o sangue cede dióxido de carbono e capta  
o osíxeno do aire.  
• Circulación **xeral**. Consiste no circuito que leva  
a cabo o sangue por todo o corpo, excepto  
polos pulmóns. Durante o seu percorrido  
o sangue leva o osíxeno a todas as células e  
recolle o dióxido de carbono que se forma nelas.

## Ficha 7

1. Riles – uréteres – vexiga – uretra.
2. • A suor contén moi pouca auga.  
A suor é un líquido composto case na súa  
totalidade por auga, pero que tamén contén  
unha pequena parte de sales e de substancias  
de refugo.  
• A excreción prodúcese no aparello excretor,  
glándulas verticais e intestino.  
A excreción prodúcese no aparello excretor,  
glándulas sudoríparas e intestino.  
• O aparello excretor está formado polos riles,  
uréteres, páncreas e fígado.  
O aparello excretor está formado polos riles,  
uréteres, vexiga urinaria e uretra.  
• A expulsión do osíxeno prodúcese nos pulmóns.  
A expulsión do dióxido de carbono prodúcese  
nos pulmóns.  
• As glándulas sudoríparas producen urina.  
As glándulas sudoríparas producen suor.  
• A excreción é a eliminación de nutrientes  
do sangue.  
A excreción é a eliminación de substancias  
de refugo do sangue.